| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, creando contidos dixitais sinxelos. | | |
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. | Construír en equipo un produto final que dea solución a un problema de deseño utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. | | |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos. | Presentar o produto final dos proxectos de deseño explicando os pasos seguidos. | | |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. | Participar en diversas tarefas en equipo, respectando as normas básicas de convivencia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. |

Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación didáctica, tendo en conta o que establece a LOMLOE, basease en dúas liñas metodolóxicas e de actuación:

- O desenvolvemento dun modelo de aprendizaxe e dunha metodoloxía de ensinanza competencial.
 - A implementación dun sistema de ensinanza inclusiva que teña en conta todo o alumnado.
- O Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) é o instrumento que, dunha forma prioritaria, facilita estes dous fins educativos. O seu obxectivo é ofrecer unha gran diversidade de recursos e propostas que se adecúen da forma o máis individualizada posible a todo o alumnado para ofrecer unha ensinanza lo mais inclusiva posible.

Co aspecto positivo de que esta liña metodolóxica permítenos combinar as súas metodoloxías e recursos con outros métodos de traballo (Aprendizaxe cooperativo).

Os puntos que vertebran esta liña metodolóxica son:

- A motivación é a base de toda aprendizaxe e esta ten un claro compoñente emocional e afectivo; compoñente que é diferente en cada alumna/o. Ofrecer diferentes formas de motivar e implicar o alumnado é clave para iniciar con éxito calquera aprendizaxe.
- A forma na que percibimos e comprendemos a información é diferente en cada persoa. Polo tanto, teremos que adaptar e individualizar o máximo posible os mecanismos de transmisión da información. Debemos transmitir a información a nosos alumnos/as utilizando o maior número posible de canles e formas de transmisión.
- A aprendizaxe lévase a cabo a través de actividades e tarefas a partir das cales é o propio alumnado quen constrúe as súas propias aprendizaxes. Faise, polo tanto, patente a necesidade de diversificar estas actividades ou tarefas tanto en función das preferencias do alumnado como das súas capacidades.
- A diversificación de opcións para a aprendizaxe e, consecuentemente, a diversidade de materiais, recursos e metodoloxías a través das cales o alumnado pode aprender.

O DUA establece un marco teórico e, tamén, de recursos no que a figura do docente pasa de ser un transmisor de coñecementos a un facilitador. A súa función céntrase, polo tanto, en proporcionar ou ofrecer a maior diversidade de formas para que o alumnado poida motivarse, assimilar informacións e construír os seus propios saberes e

habilidades.

Máis alá de ser un mero provedor de recursos ou metodoloxías o docente convértese nun guía que orienta o alumnado. Neste acompañamento o profesor debe realiza seis accións educativas:

- Motivar-Activar: pártese dunha situación da vida cotiá que sexa significativa para o alumnado e que serve de estímulo inicial da aprendizaxe e de contextualización e activación de coñecementos previos.
- Estructurar: constrúense e consolídanse os saberes do alumnado a partir da implementación de pautas, exercicios, actividades e tarefas adaptados ao nivel do alumnado.
- Explorar: ofrécéselle ao alumnado a oportunidade de indagar sobre os seus saberes e de avalialos a partir de actividades diversificadas por niveis de aprendizaxe ou polos intereses e habilidades do alumnado.
- Aplicar-Avaliar: automatízanse os saberes adquiridos a partir de diferentes estratexias educativas, en función do nivel do alumnado, e avalíanse para readaptar e adecuar ditas estratexias.

Os obxectivos propostos para a área de Ciencias Naturais os alcanzaremos a través de:

- A realización de proxectos significativos que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, así como dos seus centros de interese (visita o xardín do patio, para coñecer o medio natural e exploración da nosa contorna identificando os reinos nos que se clasifican os seres vivos; plantación no horto escolar ou realización de murais nos que faremos un resumo dos contidos traballados).
- Actividades que partan da observación e experimentación, a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo (observación do crecemento dos mofos e das plantas en diferentes condicións; experimentos nos que comprobaremos os cambios da materia e experimentos para presentar na semana STEM).
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas nos que o alumnado avance no desempeño das súas competencias (contaminación, hábitos saudables, uso abusivo das tecnoloxías...), realización de distintos lapbook de maneira individual para traballar os contidos.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais (creación dunha maqueta dun insecto ou dunha máquina simple, traballos de investigación sobre plantas e animais ou elaboración de carteis informativos sobre animais que están en perigo de extinción).

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- E por último a realizaremos actividades de traballo individual e en equipo (traballo cooperativo).

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| RECURSOS HUMANOS |
| Titora/o, mestres/as especialistas e membros do equipo de orientación. |
| RECURSOS MATERIAIS |
| Libros do alumno/a, guías didácticas, dicionarios e libros de consulta. |
| Fichas de reforzo, ampliación e avaliación e recursos fotocopiáveis. |
| Material funxible (cadernos, lapis, bolígrafos, pinturas, rotuladores, distintos tipos de papel...). |

| |
|---|
| Láminas de apoio visual, materiais manipulativos e para experimentar. |
| RECURSOS DIXITAIS |
| Panel dixital e ordenadores. |
| Aula virtual do curso, libros dixitais e enciclopedias online. |
| Aula ordinaria, biblioteca do centro, aula de ¿Polos creativos¿ e todos os espazos do centro que poden ser utilizados para o proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Os espacios que nos ofrece a contorna. |
| RECURSOS NON ESPECÍFICOS |
| Elementos natural: o que recollemos no patio, nunha saída... |
| Material reciclado. |

Os distintos materiais e recursos que nos axudarán a presentar e desenvolver os contidos que vamos traballar, deben ser variados e de distinta natureza para non provocar a monotonía no traballo na aula. Deben ser axeitados aos contidos traballados, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado.

Os criterios que seguimos para escollelos son: que sexan manipulativos, atractivos e significativos para a aprendizaxe que se propoña, coa finalidade de fomentar que os nenos/as se impliquen nas actividades propostas e evitar a monotonía no traballo da aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso realizaranse aos alumnos/as probas de avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

Estas probas teñen como obxectivo facilitar información sobre o estado dos coñecementos dos alumnos/as, para poder determinar o seu nivel inicial e así elaborar un programa de traballo que favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe.

Os resultados das probas, teñen unha especial importancia no caso de alumnado de nova incorporación e nos axudarán a localizar aos alumnos/as que poidan necesitar o apoio do equipo de orientación.

Non se pretende coñecer tódolos aspectos que se poden avaliar, senón solo aqueles que sexan máis relevantes e que servan de punto de partida das novas aprendizaxes na área de Ciencias Naturais.

A avaliación inicial non só debe recoller a valoración das competencias do alumnado, senón tamén a análise do clima da aula e das relación que se establecen entre os alumnos/as. Ao tempo que se fan as probas para avaliar as competencias, faranse dinámicas de cohesión para favorecer a boa relación do grupo.

Para completar esta avaliación inicial debemos:

- Revisar os informes do ano anterior, onde se recollen información sobre os resultados académicos obtidos nas distintas materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recolleremos información nas entrevistas co titor do curso anterior ou co orientados.
- E nas entrevistas iniciais coas familias nas que obteremos datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 17 | 17 | 16 | 17 | 16 | 100 |
| Proba escrita | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |
| Táboa de indicadores | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |

Criterios de cualificación:

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

A avaliación terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumno/a, así como a súa evolución. A obtención desta información realizarase a través de os seguintes instrumentos de avaliación, que terán un peso na nota final, especificado para cada unidade didáctica:

- Probas obxetivas, escritas ou orais, nas que se avaliará o dominio dos contidos traballados. Cada proba será elaborada e avaliada tendo en conta o peso asignado a cada criterio de avaliación.

- Rúbrica, que se utilizarán para valorar: exposicións tanto orais como escritas, traballos de investigación, actividades individuais ou colectivas, tarefas e traballos presentados.

- Escalas de observación, permite establecer estimacións de comportamentos, esforzo, interese e actitude.

- Listas de control, rexistra a ausencia ou presenza dun determinado trazo ou secuencia de accións.

- Rexistro anecdótico, recollen comportamentos non previsibles e que poden achegar información significativa para valorar carencias ou actitudes positivas.

A nota trimestral da área será a media ponderada das cualificacións obtidas en cada un destes apartados.

- Probas obxetivas, 50%.

- Actividades individuais (tarefas que se encomendan ao alumno de forma individual), 30%.

- Esforzo, interese e comportamento, 20%.

O alumno/a que nas tres avaliacións dun área, obteña una cualificación positiva terá superada dita área. A nota final da área será a media aritmética das notas das tres avaliacións de dicha área.

No caso de alumnos/as con ACS, seguiranse os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular, que será elaborada pola persoa titora e polo equipo de orientación.

Criterios de recuperación:

Cando algún dos nosos alumnos/as obteñan unha cualificación negativa en algunha das áreas, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado, como medida ordinaria de atención á diversidade, para que estes alumnos/as consigan acadar os obxectivos mínimos da materia.

O reforzo educativo realízase dentro da aula polo titor/a, polo especialista en pedagogía terapéutica ou polos mestres/as de apoio.

Para conseguir promocionar, o alumno/a deberá alcanzar como mínimo o 50% de cada un dos mínimos da materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Consideramos a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do noso alumnado.

O departamento de orientación será o encargado de xestionar e coordinar as accións que se leven a cabo.

Estas accións estableceranse en tres niveis:

1º- Prevención.

2º- Detección de alumnado con necesidades educativas específicas:

- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Condicións persoais ou familiares desfavorables.
- Altas capacidades intelectuais.
- Dificultades por ingreso tardío no sistema educativo.

3º- Atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Estas tarefas quedan especificadas dentro do plan de acción tutorial e do plan de convivencia, así como nos plans de apoio dos mestres especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

A atención ao alumnado que presenta necesidades educativas específicas rexeráse polos principios de inclusión e normalidade e abranguerá a todos os alumnos que por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela requira determinados apoios ou atención educativa específica.

Estas medidas poden ser:

- Medidas ordinarias. Todas as que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

Potenciaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos.

- Medidas extraordinarias, son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

Estas medidas de apoio poderán levarse a cabo dentro do grupo, fóra do grupo ou facendo un agrupamento flexible.

Os criterios xerais de actuación serán:

- As medidas de atención a diversidade tenderán sempre a lograr o maior grado posible de integración no grupo de referencia.

- Todos os niveis educativos contarán, dentro do horario, con horas de apoio do profesorado especialista así como de outros profesorado con dispoñibilidade horaria. A distribución destes apoios estará en función das necesidades de cada grupo e coordinarase dende o departamento de orientación.

- Os apoios ou reforzos dentro ou fora do grupo, tanto a cargo dos titores como especialista tenderán a seguir o currículo ordinario na maior medida posible.

- Os apoios e reforzos de cada materia faranse dentro do horario establecido para a mesma.

- Estableceranse os apoios en función da avaliación das necesidades individuais ou grupais realizada dende o departamento e en colaboración co equipo docente.

- A organización dos apoios e reforzos terá sempre carácter flexible a fin de adaptar a resposta as necesidades de xeito efectivo.

- No caso de alumnado con adaptación curricular significativa seguirase o establecido na mesma con carácter individual.

- As actuacións previstas nos plans de apoio serán trasladadas a xefatura de estudos para a súa aprobación e inclusión na estrutura organizativa do centro.

- Comunicarase ás familias tanto ás actuacións previstas como o seguimento das mesmas procurando a súa implicación no proceso.

O Departamento de orientación asesorará en cada caso ás familias para acadar o maior grado posible de colaboración e coordinará se é necesario actuacións cos servizos de atención externa: servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, asociacións, equipo de orientación específico, servizos sanitarios,... etc.

Fixarase as sesión de coordinación, entre o profesorado e o equipo de orientación, necesarias para facer o seguimento dos distintos programas e facer as adaptacións necesarias para cubrir o mellor posible ás necesidades dos nosos alumnos.

En canto ao desenvolvemento do traballo na aula, teremos que programar distintos niveis de actividades:

- Actividades programadas para todo o grupo (actividades mínimas).
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, en relación ao plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora. | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Fomento da creatividade e do espírito científico. | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Espírito do emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres. | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para o consumo responsable. | | | X | X | X | |
| ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | | | | X | X | |
| ET.9 - Educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. Nesta programación, os elementos transversais, non están programados como contidos a ensinar, se non que serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa.

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito claro.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a educación emocional estarán presentes en todas as unidades didácticas.

Por outra banda, contidos como o consumo responsable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

Outros trabállanse cando deseñemos actividades en grupo, como a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a formación estética, o respecto mutuo ou a cooperación entre iguais.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a educación emocional estarán presentes en todas as unidades didácticas.

Por outra banda, contidos como o consumo responsable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

Outros trabállanse cando deseñemos actividades en grupo, como a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a formación estética, o respecto mutuo ou a cooperación entre iguais.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Roteiro pola contorna do colexio. | Para coñecer a flora da contorna do colexio o tempos que facemos unha recollida de lixo. | X | X | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Obradoiro de xardín. | O alumnado aprenderá a facer plantación de distintos tipos de sementes e plantas. | X | X | X |
| Realización de experimentos. | O longo do curso faremos experimentos para comprobar o que estamos estudiando nas unidades relacionadas cos seres vivos e coa materia. | X | X | X |
| Semana SETEM . | Celebraremos a semana das ciencias, na que todos os alumnos do colexio preparan experimentos para presentar ao resto de compañeiros. | | | X |
| Proxectos realizados na aula de "Polos creativos". | Nos que traballaremos distintos aspectos do proxecto anual de centro. | X | X | X |
| Charlas e obradoiros. | Buscaremos sempre que estén relacionados co tema do proxecto anual. | X | X | X |

Observacións:

Con relación as actividades complementarias e extraescolares remitímonos ao especificado no apartado de actividades complementarias e extraescolares da PXA do noso centro para este curso. Sen prexuízo de que poidan aparecer outras actividades que nos parezan interesantes para o noso alumnado e que decidamos levalas a cabo.

As actividades complementarias planificadas para este curso buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos distintos aos que atopamos nas aulas.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resultan moi motivadoras para o alumnado e serven de catalizador para a consolidación das aprendizaxes e para reforzar os elementos transversais que traballamos co noso alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| - O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. |
| - Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. |
| Metodoloxía empregada |
| - Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. |
| - Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. |
| - Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función do tema a tratar. |
| - Combinouse o traballo individual e en equipo. |

| |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| - Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| - Prestouse atención aos elementos transversais. |
| - Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro. |
| - Deuse un peso real á observación do traballo na aula. |
| - Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe. |
| - Ofrecéuselles ao alumnado os resultados das probas, tarefas ou traballos. |
| - Coméntouse co alumnado as correccións das probas, tarefas ou traballos. |
| - Déuselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar as correccións. |
| Medidas de atención á diversidade |
| - Adoptáronse medidas curriculares axeitadas para os alumnos con NEAE. |
| - Adoptáronse medidas organizativas axeitadas para os alumnos con NEAE. |
| - Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. |
| - Fixéronse explicacións para todo o alumnado. |
| - Ofrecéuselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisaba. |
| - Elaboráronse actividades atendendo á diversidade. |
| - Elaboráronse probas de avaliación adaptadas ao alumnado con NEAE. |
| Clima de traballo na aula |
| - Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| - Contouse o apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado. |
| Outros |
| INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO |
| INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE |

Descrición:

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora.

Estas preguntas estarán divididas en dous grupos:

- Indicadores de logro do proceso de ensino.
- Indicadores de logro da práctica docente.

Para indicar o grao de consecución de cada un delas; deberanse valorar do 1 ao 4, sendo o 1 o valor mínimo e o 4 o valor máximo. A análise dos resultados obtidos permitiranos comprobar cales son os puntos que debemos mellorar e

cales os que están conseguidos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes unidades didácticas e ao remate das mesmas, xa está programada unha avaliación das mesmas coa finalidade de mellorar a súa programación. Esta avaliación ampliarase ao remate de cada trimestre, coa valoración de:

- Os resultados académicos obtidos polo alumnado.
- A información recollida a través dos indicadores de logro utilizados para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente do epígrafe anterior.
- Dos datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación.
- E para medir a idoneidade da programación propoñemos unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento de dita programación.

Estas preguntas estarán divididas en tres grupos:

- Programación.
- Metodoloxía.
- Organización.

Para indicar o grao de consecución de cada un delas; deberanse valorar do 1 ao 4, sendo o 1 o valor mínimo e o 4 o valor máximo.

Cos datos recollidos formulase unha propostas de mellora nos apartados da programación que consideremos que teñen que ser modificados. Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

As preguntas propostas para a valoración da programación son:

PROGRAMACIÓN

- As actividades seleccionadas son adecuados ás características do alumnado.
- Os obxectivos didácticos programados son alcanzables ou se axustan ás necesidades e intereses do alumnado.
- Os contidos se adecúan aos obxectivos didácticos seleccionados.
- O grao de complexidade dos contidos axústase ás características psicoevolutivas.
- Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización de complexidade crecente.
- Os contidos cumpren o principio de globalidade e son integrais.
- As unidades formativas cumpren o principio de especificidade.
- As unidades didácticas réxense por unha temporalización lóxica.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- É válida nosa metodoloxía para alcanzar os nosos obxectivos e contidos.
- A información inicial é suficiente. É clara e precisa.
- O coñecemento de resultados é explicativo e resolve os problemas de maneira efectiva.
- As estratexias son adecuadas para que o alumno asimile o que vai realizar.
- A motivación é adecuada para a execución das tarefas.
- Os reforzos que se dan son positivos máis que negativos.

ORGANIZACIÓN

- A posición do mestre é adecuada tanto na información inicial como no coñecemento de resultados.
- A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe.
- As tarefas axústase ao desenvolvemento dos nosos contidos.
- Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo ou activo sobre o desactivo.
- O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno e grupo.

9. Outros apartados

